



MULUM MAIS OANZA



Espectáculo de música en directo e danza.

Muum máis danza xurde en 2017, a raíz da adaptación musical e coreográfica da Cantiga “Ondas do mar de Vigo (Pergamiño Vindel) para a entrega de Premios da Cultura Galega ese mesmo ano.

Froito da colaboración artística e musical entre Manuel Fonte e Maria Move (Dúo MUUM), e o carácter multidisciplinar dos seus componentes, nace unha proposta escénica MUUM máis DANZA á que se suman as bailarinas e coreógrafos Nuria Sotelo e Cris Vilariño/Mikel Aristegui.

O resultado é unha peza de danza-concerto de entre 25-40 min de duración que mestura ambientes sonoros de electrónica e voces con ritmos tradicionais peninsulares. Coreografías variadas nas que músicos e bailarinas se intercalan e toman protagonismo para crear unha escena na que “a música é bailada e a danza é tocada”. MUUM máis DANZA xoga cas fronteiras e o fluir de ambas linguaxes e propón unha peza familiar, amable e fresca. Unha caricia feita espectáculo.



Elenco:

Nuria Sotelo: Intérprete, bailarina e coreógrafa,
Mikel Aristegui: Intérprete, bailarín, coreógrafo e docente.
María Move: Intérprete, creadora, músico, cantante, bailarina, performer.
Manuel Fonte: Creador, músico, percusionista, técnico de son.
Gilbert Eiche: Técnico de son, músico e docente.





María Move

mariamove22@gmail.com

645 496 375

www.mariamove.com